

**M^a DA CONCEPCIÓN MARTÍNEZ TABOADA, SECRETARIA-INTERVENTORA
DO CONCELLO DE TOÉN (OURENSE)**

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno local do Concello de Toén (Ourense), na sesión que tivo lugar o día 16/03/2018 adoptou, entre outros, o acordo que de seguido se transcribe na súa literalidade, a reserva do que resulte da aprobación da acta correspondente:

“

6.3. Solicitude de subvención da Asociación de veciños de San Pedro de Moreiras para a adquisición de libros para a biblioteca (Exp. 107/2018)

O alcalde dálles conta aos membros da Xunta de Goberno Local do escrito de data 13/03/2018 (registro de entrada nº 337, de data 13/03/2018) presentado por Jesús Álvarez Álvarez, con DNI 34927524T, en nome e representación e en calidade de presidente da Asociación de veciños de San Pedro de Moreiras, con CIF G32030355, polo que solicita unha subvención para sufragar os gastos de adquisición de libros para a biblioteca.

A entidade solicitante figura inscrita no rexistro municipal de asociacións do Concello de Toén en virtude do decreto da Alcaldía de data 07/08/2006. A persoa física que a representa figura no rexistro co cargo de presidente, como consecuencia da comunicación relativa ao cambio da xunta directiva desta asociación recibida no Concello (registro de entrada nº 1761, de data 04/08/2017).

No orzamento municipal do exercicio 2018 está prevista unha subvención nominativa baixo a modalidade de concesión directa de acordo co establecido no artigo 22.2 da Lei 38/2003, xeral de subvencións; e no artigo 5.b.1 da Ordenanza reguladora da concesión de subvencións do Concello de Toén, polo importe máximo de 4.000,00 €. Con data 02/03/2018, esta Xunta de Goberno Local aprobou a sinatura dun convenio de colaboración coa dita entidade para o financiamento dos gastos de mantemento e funcionamento da Casa de Cultura de Moreiras, coa concesión dunha subvención polo importe de 3.000,00 €.

De acordo co disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; e na Ordenanza reguladora da concesión de subvencións aprobada polo Pleno da Corporación na sesión que tivo lugar o día 18/11/2004, publicada no BOP nº 19, do 25/01/2005, a Xunta de Goberno Local, co voto favorable de todos os seus membros presentes na sesión e en uso das atribucións delegadas pola Alcaldía mediante decreto de data 02/07/2015 (BOP nº 168, do 23/07/2015), ACORDA:

PRIMEIRO-. Concederlle á ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE SAN PEDRO DE MOREIRAS, con CIF G32030355, representada polo seu presidente Jesús Álvarez Álvarez, unha subvención baixo a modalidade de concesión directa prevista no artigo 5.b.1 da Ordenanza reguladora de subvencións deste concello polo importe de 1.000,00 €, conforme ao previsto na base 24^a das bases de execución do orzamento municipal para o exercicio 2018, con cargo á aplicación 330.48 do estado de gastos do orzamento. A cantidade concedida irá destinada exclusivamente a sufragar os gastos derivados da adquisición de libros para a biblioteca. Esta subvención é compatible coa percepción doutras



subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedente doutras administracións ou entes públicos ou privados, se ben en ningún caso o importe dos fondos recibidos poderá superar o custo da actividade subvencionada.

SEGUNDO.- O pagamento da subvención realizarase unha vez concluída a actividade e previa a presentación da conta xustificativa do gasto realizado.

TERCEIRO: De acordo co establecido no artigo 75 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 3/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; e no artigo 10 da Ordenanza reguladora da concesión de subvención do Concello de Toén, a entidade beneficiaria deberá presentar nas oficinas municipais antes do día 24/12/2017 a conta xustificativa que conterà a seguinte documentación:

- ✓ Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- ✓ Facturas orixinais ou compulsadas xustificativas do investimento da subvención na finalidade para a que foi concedida. Xustificarse o seu pagamento.
- ✓ Declaración subscripta polo beneficiario ou o seu representante relativa á inexistencia doutras subvencións ou axudas que obtiveran para a mesma finalidade ou, no seu caso, mención expresa dos outros ingresos ou axudas que financiasen a actividade, con indicación do seu importe e procedencia.
- ✓ Un exemplar do programa, cartel anunciador ou outra documentación gráfica elaborada para o desenvolvemento das actividades da entidade debendo constar neles o patrocinio do Concello de Toén.
- ✓ Acreditar atoparse ó corrente das súas obrigas tributarias (Axencia Tributaria e Consellería de Facenda) e de Seguridade Social. Presentarase unha declaración responsable na que se faga constar tal circunstancia.

.....”

E para que conste e produza os efectos oportunos, expido a presente certificación por orde e co visto e prace do alcalde.

Documento asinado electronicamente na marxe